

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

11427 *Real decreto 948/2015, do 23 de outubro, polo que se regula a Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.*

I

A Lei orgánica 5/2010, do 22 de xuño, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, na súa disposición derradeira primeira, engadiu o artigo 367 septies á Lei de axuízamento criminal, no cal xa se previu a creación dunha oficina de recuperación de activos. Transcorridos cinco anos, esa previsión non foi aínda desenvolvida regulamentariamente. O Centro de Intelixencia contra o Terrorismo e o Crime Organizado, dependente da Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior, co apoio operativo das forzas e corpos de seguridade do Estado, veu desempeñando funcións de localización de activos procedentes de delitos. Non obstante, ao non existiren órganos especializados na súa xestión, unha vez comisados, eses activos quedan á disposición dos órganos xurisdicionais que, polo xeral, ordenan a súa realización ao final do procedemento mediante os mecanismos tradicionais de venda por persoa especializada ou poxa pública. Este mecanismo revelouose ineficaz nos procedementos de maior complexidade na medida en que as necesidades da xestión de bens exceden polo xeral as posibilidades materiais dos órganos xudiciais. Estas circunstancias conducen a reafirmar a necesidade de poñer en funcionamento a mencionada oficina.

Para tal fin, a Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, mantén aquela previsión do artigo 367 septies da Lei de axuízamento criminal aínda que dándolle a nova denominación de Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, na medida en que á súa inicial función de localización e recuperación de bens lle engade a de administración e xestión destes. Este precepto prevé que o xuíz ou tribunal, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal ou da propia Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, poida encomendarlle a localización, conservación e administración dos efectos, bens, instrumentos e ganancias procedentes de actividades delituosas cometidas no marco dunha organización criminal. Así mesmo, a disposición derradeira quinta da Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, habilita o Goberno para aprobar as disposicións regulamentarias precisas para regular a estrutura, organización, funcionamento e actividade da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos. A mesma lei orgánica introduciu tamén importantes modificacións na regulación do comiso sen sentenza en circunstancias excepcionais, o comiso ampliado e o comiso de terceiros que, aínda que xa estaban previstos nos textos normativos anteriores, careceron de aplicación práctica.

A Lei 41/2015, do 5 de outubro, de modificación da Lei de axuízamento criminal para a axilización da xustiza penal e o fortalecemento das garantías procesuais, completa esta regulación mediante a previsión da intervención no proceso penal de terceiros afectados polo comiso e coa incorporación dun novo procedemento de comiso autónomo. Este último poderase iniciar por instancia do Ministerio Fiscal cando exista un feito punible e o seu autor falecese ou non poida ser axuízado por se encontrar en rebeldía ou en situación de incapacidade para comparecer en xuízo. Tamén se poderá empregar cando o fiscal reserve para si a acción de comiso, para o caso de terse ditado sentenza condenatoria firme polo delito do que provén o patrimonio obxecto do procedemento.

A reforma levada a cabo en materia de comiso nas mencionadas leis incorpora ao dereito español a Directiva 2014/42/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014, sobre o embargo e o comiso dos instrumentos e do produto do delito na Unión Europea. O artigo 10 desta norma insta os Estados membros a adoptaren as medidas necesarias, por exemplo mediante a creación de oficinas nacionais centrais, «con

obxecto de garantir a administración adecuada dos bens embargados preventivamente con miras ao seu posible comiso». Con todo isto preténdese optimizar a prevención e a loita contra a delincuencia organizada transfronteiriza, incluída a de carácter organizado, neutralizando o produto do delito, xa que se entende que a principal motivación desta forma de delincuencia é a obtención de beneficios financeiros.

II

As disposicións citadas teñen como obxecto facilitar instrumentos legais que sexan máis eficaces na recuperación de activos procedentes do delito e na súa xestión económica. O obxectivo, pois, é darlle á investigación patrimonial e ao comiso o protagonismo que merecen na loita contra a vertente económica da delincuencia grave desenvolvida por organizacións e asociacións criminais, logrando así o seu estrangulamento financeiro. Para isto cómpre que as autoridades xudiciais competentes dispoñan dun sistema eficaz para localizar e administrar os activos de orixe delituosa, co apoio da estrutura institucional e os recursos financeiros e humanos necesarios, que lles facilite o labor de embargar e comisar bens no marco do procedemento penal. Prevese así a constitución da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos como auxiliar da Administración de xustiza, a cal ten, por tanto, unha relevante función de asesoramento dos órganos encargados da investigación para asegurar que os embargos e comisos acordados sexan efectivos e eficaces.

O crecente número de feitos delituosos relacionados coa delincuencia económica, frecuentemente organizada e transfronteiriza, con especial preocupación polos delitos de corrupción, tanto no sector público coma no privado, impón a necesidade de que o Estado dirixa os seus esforzos non só ao castigo dos seus responsables, unha vez declarada a súa culpabilidade, senón tamén a lograr a recuperación dos activos procedentes do delito, porque tan importante como o cumprimento certo da pena é a recuperación deses activos. A súa posterior afectación ao aboamento das indemnizacións das vítimas, á realización de proxectos sociais e ao impulso da loita contra a criminalidade organizada constitúe unha relevante medida de rexeneración democrática e xustiza social.

A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos funcionará, pois, como unha ferramenta ao servizo dos xulgados e tribunais no marco dos procesos penais a que nos vimos referindo, e farao tamén como auxiliar das fiscalías no exercicio das súas funcións relacionadas coas investigacións patrimoniais que, cando menos, abranguen as dilixencias de investigación, a execución de comisións rogatorias internacionais e a investigación patrimonial no procedemento de comiso autónomo nos termos previstos na Lei de axuizamento criminal e na Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

A nova regulación do comiso e a posta en marcha da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos facilitarán unha maior eficacia na loita contra a delincuencia económica, normalmente unha criminalidade de delincentes poderosos, que aparece especialmente organizada e que tanto dano ocasiona ao Estado democrático de dereito. Farase así realidade o principio de que o delito que xera ilícitas ganancias nunca poida compensar o seu autor.

III

Na regulación prevista neste real decreto tivéronse en conta as guías de boas prácticas internacionais e a análise dos diferentes modelos vixentes en países do noso contorno cultural e xeográfico, como é o caso de Reino Unido, Holanda, Bélxica e Francia. Este último país ofrece unha experiencia altamente positiva en xestión de activos, a través da *Agence de gestion et de recouvrement des avoirs saisis et confisqués* (AGRASC), que supuxo un xiro radical na forma de entender o comiso nos tribunais franceses, orientándoa á xestión máis eficiente dos bens. Desta maneira, cos patrimonios das persoas condenadas por delitos graves lógrase a satisfacción das responsabilidades civís, autofinanciase a propia oficina e apóiase con máis recursos a loita contra a criminalidade organizada. Os

modelos de axencia no contorno europeo constitúen unha oficina especializada con persoal multidisciplinar, procedente do ámbito da Administración, da xustiza, de alfándegas, do ámbito tributario e da Policía Xudicial, e unha función preferente de asesoramento e auxilio á xustiza nos procesos penais a que os embargos e comisos van asociados.

A creación dunha oficina homóloga á dos países da nosa contorna contribuirá sen dúbida ao fomento da cooperación internacional en materia de embargo e comiso, o que pola súa vez redundará nun maior beneficio para o Estado, xa que a Lei 23/2014, do 20 de novembro, de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea, establece unha regra de repartición ao 50 por cento do produto obtido entre o país requirente e o requirido, regra que se estendeu fóra das fronteiras europeas, sobre a base do principio de reciprocidade, na recente reforma do Código penal.

Por último, a experiencia acumulada pola Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas en aplicación da Lei 17/2003, do 29 de maio, pola que se regula o Fondo de bens comisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados, aínda que referida á realización de bens comisados mediante sentenza xudicial firme, constitúe un antecedente que foi tomado en consideración, tanto para a mellora da eficacia na xestión como para evitar duplicidades e favorecer a coordinación necesaria entre ambas as institucións. O presente real decreto non resulta de aplicación aos bens, froitos e intereses destes que por aplicación da mencionada Lei 17/2003, do 29 de maio, son titularidade do Fondo de bens comisados por delito de narcotráfico e outros delitos relacionados. Non obstante, a Oficina de Recuperación e Xestión de Activos poderá asinar un convenio de colaboración coa Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas co fin de canalizar posibles fórmulas de cooperación nas funcións de asesoramento, xestión e realización daqueles.

IV

O presente real decreto estrutúrase en cinco capítulos. O capítulo I recolle as disposicións xerais, con referencia ao obxecto e natureza, fins e funcións. O capítulo II está dedicado á estrutura do órgano, e nel detállanse o seu rango e dependencia orgánica e regúlase o director xeral, as subdireccións xerais, o persoal da Oficina e a Comisión de Adxudicación de Bens Produto do Delito. Esta última ten encomendado o relevante labor de realizar a repartición dos recursos económicos obtidos pola Oficina con base nos criterios que adopte o Consello de Ministros anualmente. O capítulo III regula as regras básicas do procedemento que seguirá cada expediente desde a súa incoación ata a súa finalización. Inclúese tamén unha previsión específica de funcionamento no ámbito internacional, cunha habilitación expresa á Oficina de Recuperación e Xestión de Activos para o intercambio de información necesaria para levar a bo termo as súas funcións, sen prexuízo das competencias que no mesmo sentido sigan exercendo outros organismos, como o Centro de Intelixencia contra o Terrorismo e o Crime Organizado ou o Ministerio Público, no ámbito das súas funcións. O capítulo IV refírese ao réxime económico da Oficina e distribución do produto obtido. Nel regúlase un modelo de xestión económica asociado á conta de consignacións e depósitos xudiciais. Prevéñense tamén, en desenvolvemento da Lei de axuízamento criminal, os beneficiarios dos recursos da Oficina. Finalmente, o capítulo V dedícase aos mecanismos de dación de contas, que garanten a plena transparencia na xestión dos bens administrados. O presente real decreto contén tamén dúas disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias e sete disposicións derradeiras.

A entrada en vigor do real decreto terá lugar o día seguinte ao da súa publicación, aínda que a posta en funcionamento da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos se determinará mediante orde do ministro de Xustiza, unha vez que entre en vigor a Lei 41/2015, do 5 de outubro, de reforma da Lei de axuízamento criminal, e realizárase de maneira progresiva, de acordo co plan de acción que aprobe o director xeral da Oficina.

Este real decreto foi sometido a informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, do Ministerio do Interior e do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, así como do Consello Xeral do Poder Xudicial e da Fiscalía Xeral do Estado.

Déuselles trámite de audiencia ás comunidades autónomas con competencias transferidas en materia de Administración de xustiza.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Xustiza, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de outubro de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e natureza.*

Este real decreto ten por obxecto regular o réxime de funcionamento da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, que se configura como un órgano da Administración xeral do Estado e auxiliar da Administración de xustiza, ao cal corresponden as competencias de localización, recuperación, conservación, administración e realización dos efectos, bens, instrumentos e ganancias procedentes de actividades delituosas cometidas no marco dunha organización criminal e de calquera outra que se lle atribúa, nos termos previstos na lexislación penal e procesual.

A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos actuará cando llo encomende o xuíz ou tribunal competente, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal ou da propia Oficina.

A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos procederá, igualmente, á localización de activos por instancia do Ministerio Fiscal no exercicio das súas competencias no ámbito das dilixencias de investigación, da cooperación xurídica internacional, do procedemento de comiso autónomo ou en calquera outra actuación nos termos previstos nas leis penais ou procesuais.

Artigo 2. *Fins.*

A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos aplicará o produto da xestión e realización dos efectos, bens, instrumentos e ganancias do delito aos fins previstos na Lei de axuízamento criminal cos seguintes obxectivos prioritarios:

a) O apoio a programas de atención a vítimas do delito, tanto das administracións públicas como de organizacións non gobernamentais ou entidades privadas sen ánimo de lucro, con especial atención ás vítimas de terrorismo, ás de violencia de xénero, trata de seres humanos, delitos violentos e contra a liberdade sexual, así como ás vítimas con discapacidade necesitadas de especial protección e ás vítimas menores de idade.

b) O impulso e a dotación de medios das oficinas de asistencia ás vítimas.

c) O apoio a programas sociais orientados á prevención do delito e ao tratamento do delincente.

d) A intensificación e mellora das actuacións de prevención, investigación, persecución e represión dos delitos, incluíndo:

1.º Os gastos necesarios para a obtención de probas na investigación, que comprenden o custo das pericias do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e dos institutos de Medicina Legal e Ciencias Forenses.

2.º A adquisición de medios materiais para os órganos competentes na represión, investigación e realización das probas periciais.

3.º A formación e capacitación especializada dos órganos encargados da prevención e represión da criminalidade organizada.

4.º O reembolso dos gastos en que lícitamente puidesen incurrir os particulares ou os servizos das administracións públicas que colaborasen cos órganos competentes na investigación.

- e) A cooperación internacional na loita contra as formas graves de criminalidade.
- f) A satisfacción dos propios gastos de funcionamento e xestión da oficina, incluíndo os que se causasen no exercicio das funcións recollidas no artigo seguinte.

Artigo 3. *Funcións.*

1. Son funcións da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos a localización e recuperación de efectos, bens, instrumentos e ganancias procedentes de actividades delituosas, a súa conservación, administración e realización.

2. Tamén lle corresponde á Oficina de Recuperación e Xestión de Activos resolver, conforme o previsto legal e regulamentariamente, sobre a adxudicación do uso dos efectos embargados cautelarmente e sobre as medidas de conservación que deban ser adoptadas.

3. Constitúe igualmente unha función esencial da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos o asesoramento técnico aos xulgados, tribunais e fiscalías, que o soliciten en materia de execución de embargos e comisos, para os efectos de evitar actuacións antieconómicas e garantir, dentro do respecto á lei e co cumprimento de todas as garantías procesuais, o máximo beneficio económico.

CAPÍTULO II

Estrutura

Artigo 4. *Rango e dependencia orgánica.*

A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos depende do Ministerio de Xustiza e está adscrita á Secretaría de Estado de Xustiza con rango de dirección xeral.

Artigo 5. *Director xeral.*

1. O director xeral da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos será nomeado entre funcionarios de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, pertencentes ao grupo A1, de acordo coa clasificación que establece a lexislación sobre os empregados públicos, ou ben entre membros das carreiras xudicial ou fiscal ou do corpo de letrados da Administración de xustiza.

2. O director xeral da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos será nomeado e separado por real decreto do Consello de Ministros, por proposta do ministro de Xustiza.

3. Correspóndenlle ao director xeral da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos as seguintes funcións:

- a) Planificar a actuación da Oficina e aprobar un plan anual de acción.
- b) Dirixir a actividade da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.
- c) Representar a Oficina, en concreto, nas súas relacións institucionais tanto nacionais como internacionais, e cos xulgados, tribunais e fiscalías que fagan uso dos seus servizos, así como coas forzas e corpos de seguridade do Estado encargados da loita contra a delincuencia organizada.
- d) Dentro do obxecto do presente real decreto, exercer aquelas que lle sexan atribuídas por delegación do órgano de contratación correspondente, de conformidade coa normativa de contratación do sector público.
- e) Concluír acordos con terceiras institucións para os efectos de levar a cabo as funcións e os fins que lle son propios, cando lle sexan delegadas estas competencias.
- f) Coordinar os traballos preparatorios da Comisión de Adxudicación de Bens Produto do Delito.
- g) Favorecer a coordinación da Oficina co Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado, coa Policía Xudicial e cos ministerios afectados, así como con outras institucións públicas ou privadas, no exercicio das súas funcións.
- h) Coordinar o labor da oficina con outros departamentos, organismos e institucións públicas, no ámbito das súas competencias, cando sexa necesario.

- i) Elevar ao ministro de Xustiza a memoria anual da súa actividade.
- j) Elaborar estatísticas da actividade da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.
- k) As demais funcións que se refiran ao obxecto da Oficina e lle poidan atribuír outras normas.

Artigo 6. *Subdireccións xerais.*

1. A Oficina estruturarase internamente en dúas subdireccións xerais en relación coas funcións que ten atribuídas:

a) A Subdirección Xeral de Localización e Recuperación de Bens, que exerce as funcións de identificación e busca dos efectos, bens, instrumentos e ganancias provenientes do delito radicados dentro ou fóra do territorio nacional, así como a súa posta á disposición xudicial.

Para o desenvolvemento desta función, o persoal da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos actuará de maneira coordinada coas unidades centrais das forzas e corpos de seguridade e poderá solicitar a colaboración de cantas entidades públicas ou privadas considere pertinentes.

b) A Subdirección Xeral de Conservación, Administración e Realización de Bens, que exerce as seguintes funcións:

1.º O mantemento e a xestión dos efectos, bens, instrumentos e ganancias provenientes do delito, calquera que sexa a súa natureza, así como dos beneficios, froitos e rendas de tales bens. Poderá comprender tamén a destrución dos bens cando sexa acordada pola autoridade competente, nos termos previstos legalmente.

A función de administración rexerese pola normativa en materia de contratación pública e patrimonial, sen prexuízo da suxeición a outra normativa que resulte aplicable.

2.º A elaboración de informes sobre o estado e as circunstancias dos bens xestionados, que remitirá á autoridade competente, de oficio ou cando esta o solicite, para os efectos de evitar as actuacións antieconómicas e garantir, dentro do respecto á lei e co cumprimento de todas as garantías procesuais, o máximo beneficio económico.

3.º A realización dos bens, que comprenderá a actividade tendente á venda dos bens, efectos, ganancias e instrumentos entregados á Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, se é acordada xudicialmente, tras o seu comiso.

Esta función comprenderá tamén a venda anticipada de bens embargados, cando esta fose autorizada xudicialmente.

4.º A función derivada do soporte necesario para o desenvolvemento da actividade propia da Comisión de Adxudicación de Bens Produto do Delito.

5.º A tramitación administrativa precisa para facer chegar á conta de depósitos e consignacións o diñeiro resultante do embargo ou a realización anticipada dos efectos a que se refire a Lei de axuízamento criminal.

2. A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos poderá asinar un convenio de colaboración co órgano competente do Ministerio do Interior para os efectos de regular a interrelación do seu persoal coa Oficina, que poderá incluír unha cláusula de adscrición do persoal que eventualmente poida formar parte desta en réxime de atribución temporal de funcións.

Artigo 7. *Persoal da Oficina.*

A Oficina contará co persoal que determine a correspondente relación de postos de traballo.

Á Oficina poderanse asignar, ademais, xuíces, fiscais ou letrados da Administración de xustiza de conformidade coa Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e planta xudicial.

Artigo 8. *Comisión de Adxudicación de Bens Produto do Delito.*

1. Créase a Comisión de Adxudicación de Bens Produto do Delito como órgano colexiado adscrito organicamente ao Ministerio de Xustiza a través da Secretaría de Estado de Xustiza, ao cal corresponden as funcións de distribución dos recursos económicos obtidos pola Oficina, nos termos do artigo 15.

2. A Comisión de Adxudicación de Bens Produto do Delito estará presidida polo secretario de Estado de Xustiza. Desempeñará a vicepresidencia o director xeral da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, e estará integrada por seis vogais que serán designados, respectivamente, polo ministro de Xustiza, o ministro do Interior, o ministro de Facenda e Administracións Públicas e o ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, polo menos con rango de subdirector xeral ou asimilado, e polo Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado, con base no convenio de colaboración celebrado para o efecto.

Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.

Na Comisión de Adxudicación de Bens Produto do Delito intervirá, con voz pero sen voto, un representante da Avogacía do Estado do Ministerio de Xustiza.

3. O funcionamento desta comisión axustarase ao disposto en materia de órganos colexiados pola lexislación en materia de réxime xurídico do sector público.

CAPÍTULO III

Procedemento

Artigo 9. *Iniciación.*

O procedemento iniciarase coa recepción do testemuño da resolución xudicial ou do decreto do fiscal que solicite a intervención á Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.

No suposto de que a propia Oficina de Recuperación e Xestión de Activos inste o órgano xudicial ou a fiscalía, se é o caso, para a remisión dun procedemento, incoarase un procedemento coa dita solicitude. En caso de estimación da proposta da Oficina, o procedemento continuará polos trámites previstos neste capítulo. En caso de desestimación, archivarase o procedemento coa recepción da resolución xudicial ou do decreto do fiscal en que así se faga constar.

Artigo 10. *Inventario de bens e rexistro.*

Todos os bens que sexan obxecto dun expediente da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos serán incluídos nun inventario de bens embargados e comisados, no cal se farán constar a súa natureza e valor, e onde se anotará calquera actuación relacionada con eles. Esta información estará á disposición da autoridade xudicial e fiscal, así como, se é o caso, da Policía Xudicial.

Artigo 11. *Tramitación do expediente.*

1. Tan pronto como reciba testemuño da resolución xudicial ou do decreto do fiscal que inste para a súa intervención, a Oficina de Recuperación e Xestión de Activos poderá levar a cabo, nos termos alí sinalados, as actuacións de investigación patrimonial que procedan en cada caso para a localización e recuperación de bens do investigado ou encausado.

2. Unha vez localizados e recuperados os bens, ou cando a habilitación xudicial así o estipule, encargarse da conservación e administración dos ditos bens.

Para isto, a Oficina de Recuperación e Xestión de Activos poderá celebrar os contratos ou encomendas necesarios para a xestión ou realización dos bens que se lle encomenden.

3. A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, no marco da súa xestión, poderá proceder, logo de autorización do xuíz ou tribunal competente, á realización anticipada ou utilización provisional dos bens e efectos intervidos.

Nestes casos, logo de autorización do xuíz ou tribunal competente, resolverá sobre a adxudicación do uso dos efectos embargados e sobre as medidas de conservación que deban ser adoptadas, de acordo co previsto para tal efecto na Lei de axuízamento criminal, e a Oficina informará do acordado o xuíz ou tribunal e a fiscalía.

Artigo 12. *Cooperación internacional.*

1. No caso de que os bens obxecto de localización ou recuperación estean fóra do territorio nacional, teranse en conta o dereito da Unión Europea e os tratados internacionais subscritos e ratificados por España na materia.

2. Aplicarase o disposto na Lei 23/2014, do 20 de novembro, de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea, ou os convenios aplicables, se é o caso, cando o auto do xuíz competente ou o decreto do fiscal fagan constar que as actuacións que se solicitan á Oficina teñen a súa orixe nunha solicitude dunha autoridade xudicial estranxeira, sen prexuízo do disposto na Lei de axuízamento criminal en canto ao destino da parte do produto obtido que corresponda ás autoridades españolas.

3. A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos poderá intercambiar información cos organismos de terceiros Estados que teñan entre as súas competencias a recuperación de activos, cando resulte conveniente, no exercicio das súas funcións.

CAPÍTULO IV

Réxime económico da Oficina e distribución do produto obtido

Artigo 13. *Réxime económico.*

1. Os recursos que se encomenden á Oficina de Recuperación e Xestión de Activos con anterioridade a que se dite resolución xudicial firme de comiso poderanse xestionar a través da conta de depósitos e consignacións xudiciais cando se trate do diñeiro resultante do embargo ou da realización anticipada dos efectos.

Para os restantes bens, en atención ás circunstancias e con suxeición aos principios de eficiencia e transparencia, a Oficina poderá xestionalos de calquera das formas previstas na lexislación aplicable ás administracións públicas.

Os xuros do diñeiro e os rendementos e froitos dos bens destinaranse a satisfacer os custos de xestión, incluíndo os que correspondan á Oficina; a cantidade restante conservarase a resultados do que se dispoña mediante resolución xudicial firme de comiso.

2. Cando se dite resolución xudicial firme de comiso, os recursos obtidos serán obxecto de realización e a cantidade obtida aplicarase na forma prevista no artigo 367 quinquies da Lei de axuízamento criminal. A cantidade restante, así como o produto obtido pola xestión dos bens durante o proceso, transferirase ao Tesouro como ingreso de dereito público, do cal, unha vez deducidos os gastos de funcionamento e xestión da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, dotados no orzamento do Ministerio de Xustiza, se afecta ata un 50 por cento á satisfacción dos fins sinalados no artigo 2. Estes ingresos xerarán crédito no orzamento do Ministerio de Xustiza, de acordo co establecido na Lei xeral orzamentaria.

Artigo 14. *Custos de xestión e gastos.*

1. A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos unicamente asumirá os custos e gastos correspondentes aos bens que xestione, e desde o momento en que lle sexan encomendados.

Poderá, excepcionalmente, asumir custos e gastos precedentes cando isto resulte conveniente para a adecuada xestión do ben e así o acorde o director xeral.

2. Os gastos ordinarios da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos polo desenvolvemento da súa actividade serán o cinco por cento do valor dos recursos obtidos. Esta porcentaxe poderase modificar mediante orde conxunta do ministro de Xustiza e do ministro de Facenda e Administracións Públicas.

Artigo 15. *Distribución dos recursos.*

A distribución dos recursos entre os beneficiarios terá lugar mediante acordo da Comisión de Adxudicación de Bens Produto do Delito, no marco dos criterios que serán definidos anualmente mediante acordo do Consello de Ministros.

Artigo 16. *Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios dos recursos da Oficina a que se refire este capítulo os organismos, institucións, administracións públicas e persoas xurídicas seguintes:

a) A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, que recibirá de maneira prioritaria os recursos necesarios para o seu adecuado mantemento.

b) Calquera órgano, organismo ou entidade pública dependente da Administración xeral do Estado, para o desenvolvemento de programas ou accións relacionados cos fins previstos nesta norma, incluídas as oficinas de asistencia ás vítimas.

c) As comunidades autónomas e as entidades locais, nos seguintes supostos:

1.º Para o desenvolvemento e a execución dos plans e programas de atención ás vítimas de delitos, incluído o impulso das oficinas de asistencia ás vítimas.

2.º Para dotar de medios materiais os institutos de medicina legal e afrontar os gastos derivados das pericias realizadas nestes institutos.

3.º Para a dotación de medios ás respectivas policía con competencia na prevención, investigación, persecución e represión dos delitos.

4.º Para as organizacións non gobernamentais ou entidades privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas comprendidos nos fins previstos nesta norma, cuxo ámbito non supere o da respectiva comunidade autónoma.

d) As organizacións non gobernamentais ou entidades privadas sen ánimo de lucro, de ámbito estatal ou de dúas ou máis comunidades autónomas, cuxo labor se desenvolva total ou parcialmente en materia de asistencia a vítimas do delito, de acordo cos programas de distribución e as subvencións determinadas pola Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.

e) As forzas e corpos de seguridade do Estado.

f) A Axencia Estatal de Administración Tributaria.

g) A Fiscalía Xeral do Estado.

h) O Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e os institutos de medicina legal e ciencias forenses.

i) Os organismos internacionais, entidades supranacionais e gobernos de Estados estranxeiros, para o desenvolvemento de programas destinados a satisfacer os fins previstos nesta norma, de acordo cos instrumentos internacionais subscritos polo Goberno e co informe favorable do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

2. Para facilitar a distribución dos recursos obtidos pola Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, as comunidades autónomas e o resto de beneficiarios sinalados neste artigo poderán presentar ante a Comisión de Adxudicación de Bens Produto do Delito propostas de actuación que se enmarquen nos fins previstos no artigo 2 e nos termos que se establezan en desenvolvemento deste real decreto.

CAPÍTULO V

Mecanismos de dación de contasArtigo 17. *Comparecencia no Congreso dos Deputados.*

O director xeral da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos comparecerá anualmente ante o Congreso dos Deputados para dar conta da xestión da Oficina e dos resultados da súa actividade.

Artigo 18. *Memoria anual e estatística.*

1. A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos elaborará unha memoria anual da súa actividade que será elevada polo ministro de Xustiza ao Consello de Ministros.

2. As actuacións realizadas contabilizaranse nun sistema estatístico accesible ao público en xeral que dote de transparencia a xestión da Oficina.

Disposición adicional primeira. *Relación co Plan nacional sobre drogas.*

Quedan excluídos do ámbito obxectivo de aplicación desta norma os bens e os froitos ou xuros que estes produzan, que fosen previamente comisados por sentenza xudicial firme e que se deban integrar no fondo regulado pola Lei 17/2003, do 29 de maio, pola que se regula o Fondo de bens comisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados, os cales quedarán sometidos ao réxime específico establecido na dita lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Non obstante, a Oficina de Recuperación e Xestión de Activos poderá asinar un convenio de colaboración coa Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas co fin de articular as relacións entre ambos, que poderá incluír fórmulas de cooperación nas funcións de asesoramento, xestión e realización de efectos procedentes de actividades delituosas a que se refire o punto anterior; Así mesmo, poderá facer referencia ao intercambio de información e á coordinación de accións, cando resulte apropiado.

Disposición adicional segunda. *Bens comisados por delito de contrabando.*

Quedan excluídos do ámbito de aplicación do presente real decreto os bens comisados por delito de contrabando, que se regularán polo disposto na Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando.

Disposición transitoria primeira. *Entrada en funcionamento.*

A entrada en funcionamento operativo da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos determinarase mediante orde do ministro de Xustiza e realizarase tras a entrada en vigor da Lei 41/2015, do 5 de outubro, de modificación da Lei de axuizamento criminal para a axilización da xustiza penal e o fortalecemento das garantías procesuais, e, de maneira progresiva, de acordo co plan de acción que previamente aprobe o director xeral da Oficina.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio.*

O presente real decreto será aplicable unicamente a bens cuxa localización, embargo ou comiso se acorde a partir da súa entrada en vigor e que se poñan á disposición da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos tras a entrada en funcionamento desta, de conformidade co previsto na citada orde ministerial.

Non obstante a Oficina poderá, por iniciativa propia e logo de autorización do xuíz ou tribunal competente, asumir a xestión e realización de bens embargados e comisados con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto, cando así resulte conveniente en atención á natureza ou ás especiais circunstancias dos bens.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 467/2006, do 21 de abril, polo que se regulan os depósitos e as consignacións xudiciais en metálico, de efectos ou valores.*

O Real decreto 467/2006, do 21 de abril, polo que se regulan os depósitos e as consignacións xudiciais en metálico, de efectos ou valores, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o número 4 do artigo 2, que queda redactado co seguinte teor:

«Os xuros que sexan liquidados pola entidade de crédito correspondente ás contas de depósitos e consignacións aboaránselle ao Tesouro Público na contía e da forma que se especifique no prego de bases do expediente do procedemento de contratación que se segue para a selección da entidade de crédito establecida no parágrafo primeiro do presente artigo, que respectará en todo caso os medios de pagamento determinados no artigo 110 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e de conformidade co artigo 70 da Lei 53/2002, do 30 de novembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, ou as normas que a substitúan, de ser o caso.

Quedan exceptuados os xuros que xeren as cantidades provenientes da conta especial da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, que se ingresarán na dita conta, para os efectos do previsto na Lei de axuízamento criminal.»

Dous. Modifícase o número número 4 do artigo 3, que queda redactado co seguinte teor:

«Así mesmo, poderán dispor dos fondos das contas de depósitos e consignacións:

- a) Os membros da carreira fiscal, nos supostos establecidos nas disposicións adicionais primeira e segunda deste real decreto.
- b) O subdirector xeral de Conservación, Administración e Realización de Bens da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, nos termos previstos na disposición adicional quinta.
- c) Os secretarios relatores na xurisdición militar.

Todos eles deberán cumprir coas normas establecidas no punto anterior.»

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 13, que queda redactado co seguinte teor:

«As cantidades que estean ingresadas nas contas de depósitos e consignacións e que fosen obxecto de comiso en aplicación do artigo 374 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, e do artigo 5 da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, unha vez que gañase firmeza a sentenza na cal se decreta o seu comiso e a súa adxudicación definitiva ao Estado, serán transferidas polo secretario xudicial á conta especial de ingresos ao Tesouro público «Comisos por delitos de narcotráfico ou outros delitos relacionados», que será única para todo o territorio nacional, sen prexuízo dos acordos para a transferencia das ditas cantidades que se poidan acordar en virtude do convenio de colaboración a que se refire a disposición adicional primeira do real decreto polo que se regula a Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.»

Catro. Engádesse unha disposición adicional quinta:

«Disposición adicional quinta. *Conta de depósitos e consignacións da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.*

1. Para a xestión e realización dos efectos xudiciais encomendados polas autoridades xudiciais competentes á Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, existirá unha conta de depósitos e consignacións de carácter especial á disposición

desta. A persoa autorizada para a disposición dos seus fondos será o subdirector xeral de Conservación, Administración e Realización de Bens ou a persoa en quen este delegue.

2. Esta conta levará o nome de Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, xunto coa denominación «conta de depósitos e consignacións» e o seu réxime será o previsto neste real decreto para as contas de depósitos e consignacións de órganos xudiciais, coas seguintes especialidades:

a) A conta terá un carácter instrumental respecto ás contas de depósitos e consignacións xudiciais, coa finalidade de asegurar a rastrexabilidade e correspondencia dos distintos expedientes incoados na Oficina de Recuperación e Xestión de Activos cos expedientes xudiciais.

b) Unha vez satisfeitos os gastos causados á Oficina na conservación dos bens e no procedemento de realización destes, a parte do produto sobrante da realización dos efectos, bens, instrumentos e ganancias que o xulgado requira ingresarase na conta de consignacións do xulgado ou tribunal e quedará afecta ao pagamento das responsabilidades civís e custas que se declaren, se é o caso, no procedemento. A cantidade restante asignarase de maneira definitiva á Oficina de Recuperación e Xestión de Activos para a súa aplicación aos fins regulamentariamente previstos.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1887/2011, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais.*

Un. Modifícase a alínea A) do número 1 do artigo 2:

«A) A Secretaría de Estado de Xustiza. Dela dependen os seguintes órganos directivos:

a) A Secretaría Xeral da Administración de Xustiza, da cal depende a Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza.

b) A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.

c) A Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas Confesións.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 453/2012, do 5 de marzo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Xustiza e se modifica o Real decreto 1887/2011, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais.*

Un. O artigo 2 queda redactado como segue:

«Artigo 2. *Secretaría de Estado de Xustiza.*

1. A Secretaría de Estado de Xustiza é o órgano superior do departamento ao cal lle corresponden, baixo a superior autoridade do ministro, a coordinación e colaboración coa Administración das comunidades autónomas ao servizo da xustiza, a ordenación, planificación, apoio e cooperación coa Administración de xustiza e coa Fiscalía na súa modernización; a cooperación xurídica internacional e as relacións cos organismos internacionais e da Unión Europea no ámbito das competencias do Ministerio de Xustiza e a dirección, impulso e xestión das atribucións ministeriais relativas aos asuntos relixiosos e liberdade de conciencia, e as relacionadas coa localización e recuperación de efectos, bens, instrumentos e ganancias procedentes de actividades delituosas, a súa conservación, administración e realización.

Sen prexuízo das atribucións do ministro, correspóndelle ao titular da Secretaría de Estado a participación nas relacións do ministerio cos órganos de goberno do

Consello Xeral do Poder Xudicial, cos do Ministerio Fiscal, cos competentes en materia de xustiza das comunidades autónomas e cos consellos xerais dos colexios de avogados e de procuradores dos tribunais, así como as relacións do ministerio co Defensor do Pobo.

2. Da Secretaría de Estado de Xustiza dependen os seguintes órganos directivos:

- a) A Secretaría Xeral da Administración de Xustiza, da cal depende a Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza
- b) A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.
- c) A Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas Confesións.

Están adscritos ao Ministerio de Xustiza, a través da Secretaría de Estado de Xustiza, o Centro de Estudos Xurídicos e a Mutuabilidade Xeral Xudicial, coa natureza xurídica, estrutura e funcións que se prevén na súa normativa específica.

3. Como órgano de apoio e asistencia inmediata ao secretario de Estado, existe un gabinete, con nivel orgánico de subdirección xeral, coa estrutura que establece o artigo 14.3 do Real decreto 1887/2011, polo que se aproba a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais.»

Dous. Introdúcese un novo artigo 5 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 5 bis. *Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.*

1. Corresponden á Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, con rango de dirección xeral, as seguintes funcións:

- a) A identificación e busca dos efectos, bens, instrumentos e ganancias provenientes do delito, radicados dentro ou fóra do territorio nacional, así como a súa posta á disposición xudicial.
- b) O mantemento e a xestión dos efectos, bens, instrumentos e ganancias provenientes do delito, calquera que sexa a súa natureza, así como dos beneficios, froitos e rendas de tales bens. Poderá comprender tamén a destrución dos bens cando sexa acordada pola autoridade competente, nos termos previstos legalmente.
- c) A elaboración de informes sobre o estado e as circunstancias dos bens xestionados, que remitirá á autoridade competente, de oficio ou cando esta o solicite, para os efectos de evitar as actuacións antieconómicas e garantir, dentro do respecto á lei e co cumprimento de todas as garantías procesuais, o máximo beneficio económico.
- d) A realización dos bens, que comprenderá a actividade tendente á venda dos bens, efectos, ganancias e instrumentos entregados á Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, se é acordada xudicialmente, tras o seu comiso.
- e) A función derivada do soporte necesario para o desenvolvemento da actividade propia da Comisión de Adxudicación de Bens Produto do Delito.
- f) A tramitación administrativa precisa para facer chegar á conta de depósitos e consignacións o diñeiro resultante do embargo ou a realización anticipada dos efectos a que se refire a Lei de axuízamento criminal.
- g) As demais funcións que se refiran ao obxecto da Oficina e poidan atribuírle outras normas.

2. Da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos dependen os seguintes órganos:

- a) A Subdirección Xeral de Localización e Recuperación de Bens, á cal lle corresponde o exercicio das funcións sinaladas na alínea a) do punto anterior.

b) A Subdirección Xeral de Conservación, Administración e Realización de Bens, á cal lle corresponde o exercicio das funcións sinaladas nas alíneas b), c), d), e), f) e g) do punto anterior.

3. Correspóndelle á persoa titular da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos planificar a actuación da Oficina e elaborar un plan anual de acción; dirixir as relacións institucionais da Oficina, tanto nacionais como internacionais, e a súa relación cos xulgados, tribunais e fiscalías; concluír acordos con terceiras institucións para os efectos de levar a cabo as funcións e os fins que lle son propios; convocar a Comisión de Adxudicación de Bens Produto do Delito; ditar instrucións para favorecer a coordinación da Oficina co Poder Xudicial, coa Fiscalía Xeral do Estado e cos ministerios afectados, así como con terceiras institucións públicas ou privadas; coordinar o labor da Oficina con outros departamentos, organismos e institucións públicas, no ámbito das súas competencias, cando sexa necesario, así como elevar ao ministro de Xustiza a memoria anual e as contas anuais para a súa aprobación.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.5.^a e 6.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de Administración de xustiza e lexislación penal e procesual.

O capítulo IV e a disposición derradeira primeira tamén se ditan en aplicación do artigo 149.1.14.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de facenda pública.

Disposición derradeira quinta. *Habilitacións de desenvolvemento.*

Habilítase o ministro de Xustiza para que adopte as normas que sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

Disposición derradeira sexta. *Modificacións orzamentarias e da relación de postos de traballo.*

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas levará a cabo as modificacións orzamentarias precisas para o cumprimento do previsto neste real decreto e aprobará a relación de postos de traballo da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, por proposta do Ministerio de Xustiza.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Oviedo o 23 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO